



## Concello de Guitiriz

---

### CONSULTA PUBLICA NA PAXINA WEB MUNICIPAL

#### **MODIFICACIÓN ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DA EXPEDICIÓN DE TARXETAS DE ESTACIONAMENTO E TARXETAS DE ACCESIBILIDADE.**

Por providencia da alcaldía incoouse o correspondente expediente para modificación da ordenanza municipal reguladora da expedición de tarxetas de estacionamento e tarxetas de accesibilidade para o cumprimento do plan normativo aprobado por acordo plenario de data 30/12/2016 e a adaptación normativa prevista na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas. O borrador da modificación que se adxunta como ANEXO supón unicamente unha adaptación normativa trala recente entrada en vigor da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas

O informe xurídico da secretaría municipal sinala que o artigo 133.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, establece que previamente á elaboración do proxecto de regulamento realizarase unha consulta pública a través da páxina web municipal para recabar a opinión dos posibles afectados pola norma sobre: os problemas a solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, e as posibles solucións alternativas.

En consecuencia, DISPOÑO:

Que se proceda a publicar na páxina web municipal o correspondente anuncio xunto co borrador do proxecto de regulamento inicialmente redactado, para que durante un prazo de 15 días naturais , os usuarios do servizo ou calquera interesado poidan consultalo e presentar suxerencias ou opinións ao respecto, entre outras sobre os problemas que o regulamento trata de solucionar, a necesidade e oportunidade da súa aprobación, os obxectivos da norma, ou no seu caso as posibles solucións alternativas.

#### DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

A alcaldesa  
Regina Polín Rodríguez